



CONCELLO DE ARANGA

BANDO: USO RESPONSABLE DA AUGA

D. ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE ARANGA,

FAI SABER:

Que, debido ás vagas de calor que se están a rexistrar nestes días, estanse a producir importantes incrementos no consumo da auga da Traída Municipal.

Co fin de garantir o abastecemento de auga para o consumo humano e as necesidades dos animais, faise un chamamento á responsabilidade e colaboración de todos os usuarios, solicitando que se limite o consumo aos usos estritamente necesarios.

En consecuencia, recoméndase evitar, mentres persista esta situación, os seguintes usos non esenciais da auga da Traída Municipal:

- O rego excesivo de xardíns, hortas e zonas verdes.
- O lavado de vehículos.
- O enchido de piscinas.
- Calquera outro uso que supoña un consumo elevado e evitable.

A colaboración de toda a veciñanza é fundamental para garantir a continuidade do servizo e evitar a adopción de medidas máis restritivas, incluídos posibles cortes ou limitacións na subministración de auga.

Agradecemos de antemán a comprensión e o compromiso de todos os veciños e veciñas.

O que fai público para xeral coñecemento e cumprimento,

O Alcalde,

ALBERTO PLATAS ÁLVAREZ

Aranga, a 8 de xullo de 2026